

II Teito de gasto

A Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, no seu artigo 54, establece que as universidades terán autonomía económica e financeira nos termos establecidos na propia lei orgánica e nas normas das comunidades autónomas, e corresponderalles ás universidades a elaboración, aprobación e xestión dos seus orzamentos.

Asemade, o artigo 57 determina que as universidades deberán cumprir coas obrigas establecidas en materia orzamentaria respecto da aprobación de límites de gastos de carácter anual.

A programación orzamentaria rexerase polos principios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira, plurianualidade, transparencia, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, responsabilidade e lealdade institucional.

O financiamento do límite máximo do gasto que se aprobe debe cumprir, tamén, coas normas sobre o déficit público; as recomendacións son de evitar incorrer en déficit e, de ser imposible, o importe das diferenzas entre ingresos e gastos debe ser o menor posible.

As fontes de financiamento do orzamento da Universidade de Vigo son, por orde de importancia, o PFSUG, as subvencións da Administración do Estado, os importes de prezos públicos por matrículas, os importes por servizos prestados en actividades de investigación e transferencia, e as subvencións doutras administracións públicas e de empresas privadas para actividades de investigación, fundamentalmente. Tamén é un recurso de financiamento do orzamento o remanente de tesouraría conforme o establecido no artigo 57.4 da LOSU.

De conformidade co informe de estratexia fiscal do orzamento 26, dado que o informe de avaliación da situación económica para establecer a taxa de gasto non financeiro ou regra de gasto para os seguintes tres anos está pendente de elaboración do ministerio de economía, o único dato de que se dispón é o correspondente ao informe elaborado 2020-2024, que abrangue ata 2020-2027. É considerado polos órganos económicos autonómicos como claramente desactualizado e a taxa de referencia de 2024 é a que se determina:

ANO	2025	2026	2027
Taxa de referencia	3,20 %	3,30 %	3,40 %

Datos obtidos do informe de situación da economía española para o ano 2024 que acompañou a proposta de teito de gasto da Administración Xeral do Estado para o ano 2025.

A Xunta de Galicia actualmente considera como taxa de referencia da economía galega en termos nominais obtido polo IGE que para o ano 2025 se sitúa no 3,7 % e para o ano 2026 no 3,9 % para os efectos de actualización de determinados gastos que se referencian a esta taxa.

Legalmente, non se establece un método de cálculo para determinar o teito de gasto, polo que este virá determinado por aquel que se estime axustado para garantir o cumprimento do equilibrio orzamentario e a sustentabilidade financeira marcada polos parámetros de referencia do gasto público. A Universidade de Vigo, como criterio de prudencia, toma a decisión de dentro da taxa de referencia determinar unha marxe de autorización do exercicio anterior do 3 %.

Á hora de calcular o importe do teito de gasto débese ter en conta os gastos non financeiros, descontando aqueles con financiamento afectado previsto para recibir no exercicio 2026 ou recibido por anticipado en 2025.

Estes importes (ingresos e gastos) non se inclúen no cálculo do teito de gasto.

Baseándose en todo o anterior, podemos establecer o seguinte cálculo para o límite máximo de gastos non financeiros que a universidade podería aprobar:

CÁLCULO LÍMITE GASTO PARA 2026		
	2025	2026
TOTAL GASTO	248.362.080,00 €	251.111.612,00 €
TOTAL AFECTADO	-77.692.549,00 €	-74.011.031,00 €
TOTAL CAPÍTULOS VIII E IX	-809.200,00 €	-203.200,00 €
TOTAL NON AFECTADO NON FINANCIERO	169.860.331,00 €	176.897.381,00 €
MARXE AUTORIZADA SOBRE EXERC. ANTERIOR	3,00%	3,00%
INCREMENTO AUTORIZADO	5.165.378,16 €	5.095.809,93 €
TOTAL TEITO DE GASTO NON FINANCIERO	175.025.709,16 €	181.993.190,93 €

Táboa 4. Límite de gasto de 2026

A proposta de orzamento para o exercicio 2026 queda como segue:

Resumo por capítulos de ingresos do orzamento 2026		
Capítulo	Afectado	Total
III Taxas e prezos públicos	0,00 €	16.950.951,00 €
IV Transferencias correntes	24.871.558,00 €	162.934.654,00 €
V Ingresos patrimoniais	0,00 €	725.000,00 €
VII Transferencias de capital	28.399.031,00 €	42.241.031,00 €
VIII Variación de activos financeiros	20.740.442,00 €	28.259.976,00 €
IX Variación de pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €
	74.011.031,00 €	251.111.612,00 €

Táboa 5. Ingresos 2026

Resumo por capítulos de gasto do orzamento 2026		
Capítulo	Afectado	Total
I Gastos de persoal	15.524.326,00 €	148.450.347,00 €
II Gastos correntes en bens e servizos	4.016.686,00 €	33.992.109,00 €
III Gastos financeiros	0,00 €	240.000,00 €
IV Transferencias correntes	5.067.907,00 €	8.715.919,00 €
V Fondo de continxencia	0,00 €	400.000,00 €
VI Investimentos reais	49.402.112,00 €	59.110.037,00 €
VIII Activos financeiros	0,00 €	70.000,00 €
IX Pasivos financeiros	0,00 €	133.200,00 €
	74.011.031,00 €	251.111.612,00 €

Táboa 6. Gastos 2026

En consecuencia, o teito de gasto non financeiro que a universidade aproba para 2026 é de 181.993.190,93 € (cento oitenta e un millóns novecientos noventa e tres mil cento noventa con noventa e tres), que está aliñado coas normas de estabilidade orzamentaria ao ser inferior ca a regra de gasto aprobada pola Xunta de Galicia e tendo en conta que, na data da redacción dos orzamentos, non existía un teito de gasto aprobado polo Estado.